



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical CIG Telefónica

A Coruña: coruna@cigtelefonica.com Teléfono 981183969 - Fax 981183679

Pontevedra: pontevedra@cigtelefonica.com Teléfono 986264949

Lugo: lugo@cigtelefonica.com / Ourense: ourense@cigtelefonica.com

Estamos lexitimados para esixir melloras

Cada día que pasa móstrásenos con máis claridade que tipo de crise estamos a padecer. A cada paso vemos máis claro que o capital, coa colaboración dos gobernos, pretende pasarnos a factura aos traballadores e traballadoras. O que foi motivado pola cobiza sen límites da banca e dos especuladores acabará por darlles aínda máis beneficios a costa, unha vez máis, da clase traballadora.

Pretenden convencernos da nosa culpabilidade, ocultan o último informe da OCDE sobre a situación da poboación empregada (publicado no 2007) onde se sinala que o Estado español é o único entre os países desenvolvidos que tivo un descenso do salario promedio. As empresas españolas viron aumentar os seus beneficios netos entre 1999 e 2006 nun 73%, o dobre da media da Unión Europea dos 15 (UE-15), mentres os custes laborais só se incrementaron nun 3.7%, cinco veces menos que a media da UE-15. Todo isto grazas a unha lexislación claramente favorábel ao empresariado e contra a clase traballadora.

Podíamos pensar que o capital e as grandes empresas estaban satisfeitas con todo o que teñen conseguido pero estaríamos cometendo un grande erro, nunca están satisfeitas e pretenderán quedarse con todo, roubándonos á clase traballadora o que lexitimamente nos pertence. Telefónica é un bo exemplo de todo o que estamos a falar.

Telefónica anunciou o pasado mes de outubro, na sétima conferencia de inversores, que elevará un 21,7% o dividendo con cargo a 2010, ata 1,40 euros por acción, e anunciou que para 2012 o dividendo será polo menos 1,75 euros. Dos salarios dos directivos e do Consello de Administración compre lembrar que Telefónica sitúase entre as primeiras empresas en diferenzas salariais, comparando os seus salarios cos nosos. Con este panorama é posíbel pensar en perder dereitos?

Os traballadores e traballadoras de Telefónica non podemos caer no derrotismo ao que nos queren levar CCOO e UGT, nada xustificará rebaixas nas nosas condicións laborais, moito menos aínda destrución de emprego vía ERE. O novo convenio ten que servir para mellorar e para crear emprego, temos que dar a batalla para que a empresa devolva á sociedade da que obtén tantos beneficios parte do gañado creando emprego de calidade, non podemos permitir que se queden con todo e quedar calados.

A loita que mantemos na CIG por mudar o modelo económico e social, para que a crise a pague o capital que foi quen a creou, ten que darse en tódolos ámbitos sociais. Non podemos mobilizarnos para esixir estas cuestións diante da sociedade e logo permitir que dentro das empresas a clase traballadora perdamos dereitos e salarios.

A negociación dun novo convenio é unha oportunidade para organizarnos na defensa dos nosos dereitos, temos lexitimidade abondo para reclamar melloras, para esixir creación de emprego, para recuperar actividades que foron externalizadas, para recuperar poder adquisitivo...

Loita coa CIG na defensa dos teus dereitos !!!

Por un convenio colectivo digno !!!

Compostela 12 de xaneiro de 2011